



Asesoría xenética ao alcance de calquera gandería

EmbrioVet ofrece asesoría xenética que achega tranquilidade nas explotacións, cunha atención personalizada. Desde hai uns 19 meses traballa en A Rocha SC, onde se mostran satisfeitos cos servizos desta empresa.

A Rocha SC (Monfero, A Coruña) incorporou os servizos de EmbrioVet, centrados na asesoría xenética e, de forma puntual, a produción de embrións tanto in vivo como in vitro. Nos 19 meses que levan traballando nesta explotación conseguiron aumentar o ICO ata un 13 %. Así mesmo, en produción de quilos de leite, subiron un 31 %, en graxa un 30 % e en proteína un 31 %. No apartado morfolóxico, o ICU creceu un 13 %, mentres que o IPP un 18 %. Óscar Ousinde Suárez, responsable da Área de Xenética en EmbrioVet resalta que todo isto “son os primeiros froitos de aplicar este sistema de traballo”.

Nesta granxa empezaron a vender o leite a Entrepinares hai uns anos e “este foi un dos motivos para buscar asesoría xenética”, explica Manuel Filgueiras Freire, socio da explotación. Así mesmo, considera que necesitaban a alguén de fóra para aconsellar en todo o relacionado coa xenética, “porque consideramos que os avances neste tema foron importantes e estabamos algo perdidos”. Nese sentido, Óscar indica que nesta granxa o programa xenético está orientado a aumentar os quilogramos de graxa e de proteína, pero sen esquecer os kg de leite: “Podes obter moitas calidades, pero non te podes esquecer de que tamén é necesaria unha boa cantidade de produción”.

UN PROGRAMA XENÉTICO ADAPTADO A CADA SITUACIÓN

Cando unha gandería solicita os servizos de EmbrioVet, o primeiro que realizan é un estudo das súas condicións. “Isto facémolo nunha primeira fase cunha auditoría e así vemos os posibles problemas e tamén as virtudes que existen xeneticamente na granxa”, comenta Óscar. Nunha segunda fase definen os obxectivos, sempre acordados co gandeiro, por iso consideran importante a comunicación ao longo de todo o servizo. “Vemos de maneira conxunta o que hai que mellorar e o que se quere mellorar, que moitas veces coincide, pero outras non”, apunta. Despois, só queda instaurar un programa xenético ben estruturado, no que se recompilan todos os



Manuel Filgueiras e Óscar Ousinde

A ROCHA SC (MONFERO, A CORUÑA)

Propietarios	Tania Filgueiras, Mercedes García e Manuel Filgueiras
Empregados	2
N.º total de animais	212
Vacas en muxido	113
Media de produción	40 l/vaca/día
Porcentaxe de graxa	4,2 %
Porcentaxe de proteína	3,5 %
Cualificación morfolóxica media	79,4 puntos
Media ICO	3.175
Superficie agrícola	65 ha
Venda do leite	Entrepinares

datos xenómicos e de pedigree da explotación e, por último, seleccionan os sementais que deben utilizar para chegar aos obxectivos fixados e as femias das cales criar.

Nesta empresa traballan con explotacións que van desde as 30 cabezas de gando ata outras que superan as 300, tamén en calquera tipo de réxime (intensivo, extensivo ou pastoreo). “Isto mostra un claro reflexo de que é un servizo moi alcanzable, que calquera gandería se pode permitir, sempre que queira empezar a mellorar xeneticamente e cumprir uns obxectivos”, indica Óscar.

Así mesmo, EmbrioVet ofrece servizos de asesoría que non teñen que estar ligados á produción e ao transplante de embrións, que son a base fundamental da empresa. “Facer embrións a partir de animais xeneticamente vantaxosos implica un maior avance xenético, un impulso importante para desenvolver un programa xenético nunha explotación”, apunta o asesor da empresa. Considera que a xente ten unha concepción errónea sobre a produción embrionaria. De feito, cóntanos que moitas persoas “cren que é un servizo elitista, pero para nada. A produción embrionaria hoxe en día está ao alcance de calquera granxa que a queira facer, porque os custos nos últimos anos se reduciron moito e calquera gandería os pode asumir”.

AUMENTO DE INGRESOS PARA AS EXPLOTACIÓNS

Na actualidade, cos custos de produción subindo e con pouca capacidade de reacción por parte do gandeiro, a rendibilidade recae na eficiencia para xerar ingresos. Por iso, un programa de EmbrioVet, ben estruturado e guiado, axuda a reducir os custos e aumenta os ingresos, por exemplo, orientándoo a buscar un tipo de leite específico como o A2A2, ou aumentando os kg de graxa e de proteína. Ademais de todo isto, pode axudar a reducir os problemas de saúde e conseguir animais máis lonxeivos. Recrear só os animais necesarios e acertar na súa selección resulta clave.



EMBRIOVET OFRECE TRANQUILIDADE E PROXIMIDADE

É unha empresa dedicada á transferencia embrionaria e produción, tanto in vivo como in vitro, de embrións bovinos, que desenvolve o seu traballo por toda España e Portugal. Desde 2018, contan cun laboratorio de fecundación in vitro propio. O valor máis importante que achegan coa asesoría xenética é a tranquilidade: “O feito de saber que o coidado xenético de granxa está en mans dun equipo profesional e cunha atención personalizada, moi detallada e sempre enfocada nunha mellora continua achégalles seguridade aos gandeiros”, subliña Óscar.

Así mesmo, outro dos factores que destacan é a relación continua e próxima cos clientes, pois sempre que lles xurda algunha dúbida poden poñerse en contacto co persoal da empresa para resolvela. “Isto é moi importante para nós –destaca Manuel– porque nós o chamamos en calquera momento para dúbidas sobre touros ou outros temas de xenética e sempre están dispoñibles”.

Na selección do programa, ademais de traballar con diferentes datos xenómicos e de pedigree e elixir os sementais que utilizan, realizan axustes de maneira trimestral. Ao facer isto cada tres meses, o programa adquire tamén outra característica: a flexibilidade.



www.embriomarket.com
administracion@embriovet.com
981 791 843 649 239 488